

ANIMADOR

Diocese de Ourense - Lectio Divina

TEMA 5: CONFLITOS QUE NON DEPENDEN DE NÓS

"Ao medrar o número dos discípulos..."

(Feit 6, 1)



"O conflito hai que asumilo, hai que vivilo, pero hai diversas maneiras de asumir o conflito. Unha é a que fixeron o cura e o avogado fronte ao pobre ferido no camiño de Xerusalén a Xericó. Ver o conflito e dar a volta. Alguén que obvia o conflito non pode ser cidadán... A segunda é meterse no conflito e quedar aprisionado... A terceira é meterse no conflito, sufrir o conflito, resolvelo e transformalo no anel dunha cadea, nun proceso". (Cardenal Bergoglio, 16/10/2010)

Soñando o Ideal

COMEZAMOS cun **canto** e encomendando a Deus este momento de Lectio Divina.

ORACIÓN DE INICIO

Señor Xesús,
estamos aquí reunidos para escoitar a túa Palabra
que nos fala na vida e na Sagrada Escritura.
Dáanos a alegría de experimentarte próximo,
de coñecerte cada día un pouco máis,
de chegar aos poucos ao fondo do teu corazón.
Sabemos que só ti es a fonte de toda felicidade,
por iso queremos enchernos de ti.
Desta forma sabemos, tamén,
que faremos máis felices a todos os que nos rodean.
Dáanos lucidez para atoparte,
corazón ardente para amarte e valentía para servirte.
Dáanos a graza de saber orar
e levar unha vida de acordo á nosa oración.
Que poidamos ser no medio do noso mundo
ese grao de sal e esa faísca de luz
que ilumine, alegre e dea sabor
á vida de todos os que nos rodean. AMÉN.

I. MIRANDO XUNTOS A NOSA REALIDADE

Lemos o seguinte relato:

A vida é unha lea. Vilamaior fai cincuenta anos tiña escolarizados a cento dous alumnos. Pero foi perdendo habitantes aos poucos. Hoxe todos son xubilados... e, a maioría, bastante limitados. O

concello fixo un local social, onde se reúnen de cando en vez e alí conversan estrañando o pasado.

Caso diferente é o de Boavista. Está preto da cidade e iso facilitou que se converta nunha zona residencial. Fixéronse moitas vivendas que se venderon ben e aumenta sen parar. Iso conleva problemas porque cada pouco tempo non só hai que ampliar prazas escolares, senón que, ademais, é preciso crear infraestruturas de todo tipo e servizos novos. E as autoridades non sempre atinan a dar a resposta necesaria.

DIALOGAMOS:

Conflitos.

- *En que consisten as dificultades de Vilamaior?*
- *E as de Boavista?*
- *En que se diferencian os conflitos de Vilamaior e Boavista?*
- *Coñeces situacións parecidas nas nosas parroquias?*

Os conflitos sempre acompañan ás persoas. E non sempre son froito das súas malas accións. Os conflitos xéraos a mesma vida. E a nosa tarefa é buscar solucións e, se está nas nosas mans, corrixir as causas.

II. ESCOITEMOS A PALABRA DE DEUS

Preparámonos internamente facendo silencio interior para acoller a mensaxe que o Señor quere transmitirnos coa súa Palabra. Pode axudarnos facer un momento de silencio, abrir unha Biblia e acender unha vela.

Luego un do grupo proclama **Feit 6, 1-7:**

¹Por aqueles días, como ía medrando o número dos discípulos, orixinouse un descontento dos helenistas

contra os hebreos, porque se desatendía ás viúvas de fala grega no servizo diario. ²**Entón os Doce reuniron a asemblea dos discípulos e dixeron: «Non está ben que deixemos a palabra de Deus para nos dedicarmos ó servizo das mesas.** ³**Polo tanto, irmáns, escollede de entre vós sete homes de bo creto, cheos de Espírito e sabedoría, e poñerémolos para este oficio.** ⁴**Nosoutros continuaremos dedicados a oración e ó servizo da palabra».** ⁵**A proposta gustou á asemblea, e elixiron a Estevo, home cheo de fe e do Espírito Santo, a Filipe e Prócoro, Nicanor, Timón, Pármenas e Nicolás, prosélito de Antioquía;** ⁶**presentáronlles ós apóstolos, e, despois de orar, impuxéronlles as mans.**

⁷**A palabra de Deus crecía, e medraba moito o número dos discípulos en Xerusalén e unha gran cantidade de sacerdotes aceptaban a fe.**

Volvamos ler este texto deixando que a Palabra de Deus toque os nosos corazóns...

Os conflitos son inherentes a todo colectivo. Na primitiva Igrexa as cousas ían ben. O ambiente narrado en Feitos dos Apóstolos, respira optimismo e alegría. Baste unha cita: **“Todos a unha asistían diariamente ó templo, partían o pan nas casas, comendo con alegría e sinxeleza de corazón; louvaban a Deus, e eran ben vistos por todo o pobo. Cada día o Señor aumentaba o número dos salvos e xuntábaos ó grupo.”** (Feit 2, 46-47)

- Pero tamén van aparecendo grupos, os de lingua hebrea e os de lingua grega, procedentes da “emigración” (diáspora). *De que se queixan?*
- Os Doce son os que presiden a comunidade. *Que resposta dan? Deciden só eles ou tamén opinan “os irmáns”?*
- Unha vez elixidos, *que se fai con eles? Por que o farán así?*
- *Que efecto ten este “nomeamento” dos Sete?*

A Comunidade enteira, dialoga e busca solucións. *Os verdadeiros conflitos sociais, tamén culturais, resólvense co diálogo, pero antes aínda co respecto pola identidade da outra persoa.* (Papa Francisco, 07/08/2015)

III. MEDITACIÓN

A realidade imponse. Somos imaxe imperfecta de Deus por natureza tanto individual como colectivamente. Por iso somos tarefa inacabada. Cando superamos unha meta ou conflito, aparece outro. Son “conflitos de crecemento”

Orixinouse un descontento dos helenistas contra os hebreos (v.1) *Que queixas hai hoxe nas nosas comunidades cristiás? Expresámolas claramente?*

Os Doce reuniron a asemblea ... Polo tanto, irmáns, escollede de entre vós sete homes ... (v.2-3) Sempre é tempo de falar, de dialogar. Todos temos unha palabra que dicir... e de implicarnos. *Quen toma as decisións na túa parroquia? Implicaste na vida parroquial e comunitaria?*

Sete homes de bo creto, cheos de Espírito e sabedoría, e poñerémolos para este oficio (v. 3). Os ministerios (presidencia, caridade, anuncio da fe) son vistos como servizo ou como poder? Enumera exemplos.

A palabra de Deus crecía, e medraba moito o número dos discípulos en Xerusalén e unha gran cantidade de sacerdotes aceptaban a fe (v.7). Respirase nas nosas comunidades alegría e optimismo? Que poderías facer ti para que así fose?

IV. CONTEMPLACIÓN E ORACIÓN

É momento para a ORACIÓN e o COMPROMISO.... Volvemos ler o texto bíblico... Oramos un momento en silencio....

Se parece oportuno expresamos en voz alta as nosas peticións.

Comprometámonos a afrontar con paz e alegría os conflitos.

Podemos terminar cantando ***Cristo te necesita para amar.***

1. Cristo te necesita para amar, para amar.

Cristo te necesita para amar.

NO TE IMPORTE LA RAZA

NI EL COLOR DE LA PIEL.

AMA A TODOS COMO HERMANOS

Y HAZ EL BIEN.

2. Al que sufre y al triste, dale amor, dale amor,
al humilde y al pobre, dale amor.

3. Al que habla otra lengua, dale amor, dale amor,
al que piensa distinto, dale amor.

MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA O ANIMADOR

Feit 6, 1-7

A institución dos Sete

No capítulo 6 empeza unha nova sección no libro dos Feitos dos Apóstolos. Empeza una nova época. Nos capítulos anteriores vimos que os crentes contribuían a un fondo común para beneficio dos necesitados. A medida que o tempo foi pasando, a maioría atoparon traballos, polo que xa non necesitaron esta axuda. Con todo, as viúvas non podían saír a buscar traballo. Así é como, no momento en que comeza este capítulo, as viúvas eran as únicas que seguían necesitando a axuda deste fondo. Os apóstolos eran os responsables de que as necesidades das viúvas fosen satisfeitas.

É probable que fose aumentando a tensión durante algún tempo entre os crentes que falaban grego e os que falaban hebreo, antes de aflorar á superficie. O idioma sempre é unha seria barreira entre as persoas. É fácil que un grupo minoritario se sinta abandonado, especialmente se non entende o idioma. De feito, o que non puidesen comprender é posible que causase que as viúvas que falaban grego se retraxeran, de tal maneira que fosen pasadas por alto con facilidade.

Finalmente, a murmuración levantouse entre os crentes de fala grega contra os de fala hebrea, porque as súas viúvas eran desatendidas na distribución diaria.

Medra o número dos crentes. Con isto medra a responsabilidade e a solicitude dos Doce. Aparecen tensións humanamente comprensibles. Os apóstolos buscan axudantes, empeza unha evolución. A Igrexa medra, busca maneiras de adecuarse aos tempos cambiantes, empeza unha renovación que se manterá constante durante toda a súa vida...

Como en toda institución humana, a Igrexa dos primeiros cristiáns enfrontou conflitos entre os seus membros. O interesante e do que temos moito que aprender é a súa maneira de resolvelos...

6,1 Por aqueles días, como ía medrando o número dos discípulos ...

Por primeira vez no libro dos Feitos, Lucas chama aos fieis co nome de “discípulos”.

Lucas lémbra-nos unha e outra vez que vai aumentando o número de persoas que se converten ao cristianismo. O maior número de fieis trae consigo unha maior necesidade de organización.

- ***Os cristiáns de orixe helenista. (Helenistas)***
Trátase de xudeus que viviran fóra de Palestina, recibiran algunha cultura grega e dispoñían en Xerusalén de sinagogas particulares, nas que se lía a Biblia en grego.
- ***Os cristiáns de orixe hebrea. (Hebreos)***
Chámase así aos xudeus autóctonos; falaban o arameo, pero lían a Biblia en hebreo nas súas sinagogas.

... se desatendía ás viúvas de fala grega no servizo diario.

Lembremos que a atención ás viúvas era un acto de caridade ao que desde o Antigo Testamento dáballe moitísima importancia (ver Ex 22,21; Dt 14, 28-29; Is 1,17; Jer 7,6)

Ás viúvas había que deixar-lles nos campos algunhas gavillas abandonadas tras a sega, e o mesmo se di das olivas no oliveiral e dos acios nas viñas, para que o rebusco fose máis fácil para elas.

A razón desta especial preocupación polas viúvas radica en que nese tempo a muller carecía de dereitos propios: dependía completamente do seu marido e da protección que lle brindaba. Se este morría, ela quedaba moi desamparada, polo cal a comunidade tiña que velar polo seu benestar e o dos seus fillos.

O que sucedeu nesta comunidade cristiá é que o número crecente de discípulos fixo que unhas viúvas non recibisen adecuada asistencia.

Nas comidas cotiás que probablemente se facían á noite, baixo a vixilancia dos apóstolos, os pobres e especialmente as viúvas eran atendidas co que a caridade obsequiara, e recibían ademais víveres para o día seguinte... É posible que a 'distribución cotiá' se fixese durante as ceas comúns, ás cales os máis podentes levaban víveres para os pobres.

6,2 os Doce reuniron a asemblea dos discípulos...

Os discípulos comprenden que non poden abarcar máis do que ata agora realizaron.

É interesante facer notar que a pesar de que a caridade cara ás viúvas era considerado un deber primordial, os Doce teñen ben claro que non por dedicarse a iso han de abandonar a súa oración e a súa predicación da Palabra de Deus.

Teñen ben aprendida a lección de Marta e de María (Lc 10, 38-42). Actualmente hai moitos católicos que lle dan maior importancia ao seu labor entre os pobres que á oración e a escoita da Palabra.

O labor diario entre os máis necesitados é moi desgastante. Decía a Nai Teresa de Calcuta que os pobres poden ser esixentes, irritantes, ingratos, e se o traballo cara a eles non está sostido por unha relación intensa con Deus a través dos Sacramentos e a oración, tacaba por esgotar a quen se dedica a isto, pois por máis boa vontade que teña, enfronta sempre a tentación do desánimo, do baleiro (ao non sempre obter recoñecemento), de sentir que o que fai non ten sentido.

A Nai Teresa de Calcuta esixía que as súas relixiosas tivesen unha intensa vida de oración tanto persoal como comunitaria. Ela aseguraba que a boa disposición das súas relixiosas para atender aos

enfermos máis miserables e repugnantes viña de atopar na oración a capacidade de ver neles a Cristo.

6,3 Polo tanto, irmáns, escollede de entre vós sete homes...

Non lles impoñen a alguén de fóra, senón que lles piden que do seu mesmo grupo elixan a alguén da súa confianza, que coñezan ben e aos que lles teñan confianza.

Sete, quizais a razón sexa sinxelamente que as cidades da diáspora estaban dirixidas por 7 maxistrados. Pero tamén se pode pensar que Lucas quixo opoñer aos 12, cifra que representa simbólicamente ao pobo xudeu, os 7 que é a veces na Biblia (coa seu múltiplo de 70) e a cifra dos pagáns.

Velaquí a pronta solución ao conflito: saber delegar responsabilidades, non querer facelo todo eles sós.

Os Doce podían tomarse a mal que os criticasen e dicir que todo estaba perfecto e que ó que non lle gustase, que se fose. Pero non teñen para nada esa actitude. Escoitan co corazón aberto, sen enojo, sen susceptibilidades, e buscan de inmediato unha solución que non os fai sentir 'menos'.

6, 4 Nosoutros continuaremos dedicados a oración e ó servizo da palabra

Refírese a “dobre función dos apóstolos nas reunións litúrxicas da comunidade: dirixir as oracións e desenvolver a catequese”.

A caridade, a oración e predicación non están rifadas entre si.

Esta frase refírese a que os Doce se dedicarán principalmente á oración e ao ministerio da Palabra, pero como veremos máis adiante, seguen realizando curacións, seguen facendo o ben ao seu paso. De igual modo, máis adiante San Lucas narraranos como algúns dos sete tamén predicán e desde logo tamén oran.

6,5 A proposta gustou á asemblea, e elixiron a Estevo, home cheo de fe e do Espírito Santo, a Filipe e Prócoro, Nicanor, Timón, Pármenas e Nicolás, prosélito de Antioquía.

Todos os nomes son gregos... o cal fai supoñer que soamente se elixiron helenistas en atención aos xudeocristiáns helenistas, para vencer máis facilmente a desavinxa na comunidade.

Prosélito: refírese a que "procedía do paganismo, converteuse á relixión xudía, e logo fíxose cristián"...de Antioquía. Lembremos que Lucas é de Antioquía, así que coñece de boa fonte que Nicolás é de aí.

Os apóstolos aceptan a decisión. Deron liberdade de elección e respéctana.

Os apóstolos, que recibiron de Cristo o Señor a misión e a autoridade, continúan o encargo e o poder, que desde entón seguíanse transmitindo... facendo oración, impuxéronlles as mans.

A imposición das mans é unha forma primitiva de comunicar unha forza e poder especiais...(ver Dt 34,9; Mc 5,23). Os Feitos dos Apóstolos dannos testemuño da imposición das mans, sobre todo na curación dos enfermos, pero tamén na concesión do Espírito e, como nesta pasaxe, na misión e transferencia dun cargo.

6,7 A palabra de Deus crecía

Lucas pecha esta pasaxe tal como empezou, facendo notar como a Palavra de Deus vai chegando a máis e máis persoas.

Moitos sacerdotes xudeus convertéronse grazas non só á inspirada predicación dos Doce, senón ao testemuño de amor e verdadeira fraternidade da comunidade cristiá.

Xa Xesús tivera partidarios entre os dirixentes e sacerdotes do pobo, de os cales comentou San Xoán no seu Evanxeo: “non o confesaban, para non ser botados da sinagoga. É que amaban máis a gloria dos homes que a gloria de Deus” (Jn 12,42).

Conclusión:

A Igrexa de Xesús, como calquera outra comunidade humana, necesita organización e coordinación se quere levar adiante a misión que ten confiada. Pero non se rexe polos criterios de eficacia que se utilizan noutras comunidades sociais ou económicas...

A Igrexa descobre dentro e fóra dela múltiples necesidades: de evangelización e de catequese; de edificación da fraternidade; de conservación da unidade; de goberno e coordinación; de celebración da fe; de atención aos máis pobres...a comunidade crente ten que atendela establecendo diversos ministerios...

No Novo Testamento as responsabilidades eclesiais désígnanse co termo grego '*diakonía*', palabra que significa '*servizo*' e que nada ten que ver con conceptos como poder, autoridade ou privilexio.

A Igrexa toda ten que ser ministerial, é dicir, servidora. Movida polo Espírito Santo debe permanecer, como Xesús, moi atenta ás necesidades que descobre na súa andaina...e responder con xenerosidade e creatividade as mesmas, establecendo, cando sexa preciso, novas formas de servizo.

